

Begoña Feijoo Fariña

Un anaco de mazá seca

E ao falar dese,
de cantos outros terás falado?

FABIANO ALBORGHETTI, *Maiser*

Dezanove anos antes de que morrese a miña nai

Enxendráronme no límite entre o bosque e o clareiro, unha noite de finais de febreiro, poucas horas despois da que sería a última nevada da estación. A noite en que os meus pais me concibiron baixara un vello e solitario corzo ata poucos metros do seu pequeno horto. Non teño xeito de saber se o motivo daquela viaxe polas ladeiras foi a fame ou a curiosidade, igual que non debería saber o que sucedeu despois. No entanto, seino. Contáronmo cando era moi pequena, como se lles contan os contos aos fillos, cando se sabe ler. Ou invéntanse. Á miña avoa dáballe moi ben, ou polo menos iso dicía o meu pai. A min nunca me contou ningún.

Certo é que foi a curiosidade da miña nai e do meu pai o que os levou ata aquel límite do bosque escuro e espeso. Movidos polo desexo de volver ver o animal solitario, saíron da casa en plena noite e camiñaron, ascendendo lentamente polos prados, que no verán se douran e se segan. A neve suave, caída poucas horas antes, reflectía a luz da lúa case chea. Ían collidos da man e, de cando en vez, as súas miradas, pouco máis que infantís e namoradas, pousábanse unha dentro da outra, facendo máis lentos os seus pasos. Chegados ao límite do bosque, agardaron en silencio un ruído, mentres buscaban coa mirada entre as árbores un movemento que lles dixese: «Son eu, estou aquí, mirádeme». Ese movemento non se produciu, pero si a miña concepción.

—Como non quería volver á casa decontado, e a pesar do frío, o teu pai decidiu darme a semente da que nacerías,

e eu acepteina e empecei a coidar de ti, como se coida dos brotes no horto en primavera.

Con estas palabras remataba a miña nai o conto que todas as noites lle pedía que me repetise. Ás veces engadía detalles que eu nunca oíra ou non lembraba. Entón eu, como adoitan facer os nenos, dicíalle:

–Non é así a historia.

Ela mirábame cos seus ollos grandes e riseiros, tratando de permanecer seria, e desafiábame.

–Non me digas –dicía–. E logo como é? Veña, cóntama ti.

Nesas ocasións era eu quen lle contaba a historia da miña sementeira e ela escoitaba con atención, coma se a historia que estaba a contar non fose a súa, coma se non só non a vivise nunca, senón que nin sequera a oíse.

Así que me sementaron coa neve. E coa neve nacín. Tiven présa por vir ao mundo e nacín antes de que agardasen por min, prematura coma esa neve de comezos de novembro. Nacín na casa, quentada polo lume da cheminea e recibida na vida polos berros da miña nai, que aínda non tiña vinte anos. Poucas horas despois xacía durmida sobre o seu peito, baixo cálidas mantas, arrolada pola súa voz e polo asubío do vento entre as ramas espidas polo outono. O meu pai non me volveu ver ata tres días despois. Foron os días que pasou fóra da casa. Festexou o meu nacemento só, sen min e sen a esposa que lle dera esa filla que el quería que fose un neno e que naceu nena.

Tróuxoo á casa un grupo de homes que a miña nai coñecía ben. Abandonado no limiar un segundo despois de petar con forza en plena noite, como se faría cunha mensaxe que un se ve obrigado a entregar de mala gana. O meu pai derrubouse no chan en canto se abriu a porta e a miña nai, aínda exhausta e comigo no colo, levouno a

rastro ata preto do lume que ardía na cheminea e deixouno alí, borracho e durmido. Á mañá seguinte, cando acordamos, estaba baixo as mantas connosco, e a nosa vida xuntos puido comezar.

Non sabería dicir se ese primeiro ano de vida foi feliz ou atormentado. Non teño lembranzas del, e non me contaron case nada. O meu pai baixaba a Brusio todas as mañás e non volvía á casa ata a hora da cea. A miña nai e eu pasabamos moito tempo soas. Queríame, e o meu corazón de cachorro aprendía cada día a querela un pouco máis. Alimentábanme ben, arrolábanme, bañábanme con auga quente todos os sábados pola noite e bicábanme todas as mañás. Non o lembro, pero seino. Logo chegou o tempo dos primeiros pasos e dos recordos que se fixan e sobreviven ao transcurso dos anos e á acumulación doutros recordos.

No niño, dentro da súa caseta de táboas e pedra, as galiñas deixábannos unhas veces dous e outras veces ata sete ovos. A máis bonita de todas, que aos catro anos bauticei co nome de Dadina, era avermellada e máis grande ca o galo do padre Pietro. Morreu unha tarde de verán: matouna o raposo, pero non sen loitar. De feito, atopamos o raposo a poucos metros da casa, agonizante. Xacía sobre unha pequena poza vermella, formada polo sangue coagulado que perdera durante a noite. Non chorei por Dadina. Mamá díxome que ese era o destino de todos, animais e persoas. Vivir e morrer. Así que non a chorei, pero durante moitos días pasoume que a busquei antes de lembrar que xa non estaba, e entón, neses momentos de novo descubrimento da ausencia, o meu rostro deixaba de sorrir e sentía algo ao que aínda non sabía darlle nome.

Descubriría máis tarde o nome desa sensación. Era tristeza, similar ao que sentiría anos despois cando, ao acordar pola mañá ou no medio da noite, tardase uns se-

gundos en lembrar onde estaba, cal era a miña nova vida e cal a nova ausencia dolorosa.

Unha noite, cinco anos despois de plantada aquela semente, papá non volveu á casa. Esperamos para cear ata moi tarde. Entón eu comín e esperou só mamá, despois de arrouparme e darme un bico na fronte. Esperou en van, porque esa noite papá non durmiu na casa. Hoxe sei onde durmiu. Hoxe que xa non ten importancia. Hoxe que perdoei, case todo.

Logo veu a partida para traballar no Tesino, chegar o sábado pola tarde e volver marchar o domingo despois de comer. Dúas comidas con papá. As demais eran só nosas. De todas as compañías que podía ter en Cavaione, a que prefería era a da miña nai e a das miñas galiñas. Axudaba a miña nai no horto, na cociña e, sentada onda a cheminea, a remendar. Ou polo menos iso cría, porque ela facía que o crese. Á miña nai dábaselle ben facer que me sentise útil e me portase ben. O meu pai volvía cada vez menos. Un domingo de cando en vez. Chegaba pola mañá, xantaba connosco e marchaba. Xa non bicaba a miña nai, e ela xa non o miraba riseira e coa cabeza alta. Logo, simplemente deixou de volver. Vino o día do meu quinto aniversario, e foi entón cando oín esa palabra. Polas veces que a oíra fóra da igrexa, polas miradas baixas da muller á que se dirixía e por como os seus fillos se volveran cada día máis tristes, xa só o son facía que me avergoñase. Logo, a muller foise de Cavaione e non volvín oír esa palabra. Ata o día do meu quinto aniversario. E foi papá quen a pronunciou, sentado na cama na que nacín, mentres eu espiaba polo ollo da fechadura. Divorcio. Mamá non dixo nada. Creo que hai cousas polas que unha muller sabe que non debe malgastar as forzas. O home é brazo, é forza, é soldado e é cazador. O home loita, berra e golpea cos puños, ás veces, para defen-

der as súas razóns, mesmo cando é imposible gañar. A muller non, ou polo menos mamá non. Mamá sabía cando non servía de nada loitar e non loitou. Só dixo: «Vaite», e con ese «Vaite» empezou a esfiañarse a corda que nos unía. Pero a culpa non foi do «Vaite», nin sequera do divorcio. A culpa foi de todos e, ao ser de todos, non foi de ninguén.

Sementáronme co frío e coa escuridade, e co frío e coa escuridade tiven que lidar durante moito tempo.

